



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

BANDO

IDENTIFICACIÓN DE ZONAS SEN COBERTURA MÓBIL 4G/5G

D. ALBERTO CORTIZAS REJO, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO, PON EN COÑECEMENTO DA VECIÑANZA:

Que a a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID) lanzou dúas novas consultas públicas relacionadas co despregamento de 5G en zonas moi rurais, sendo unha delas para validar a identificación de zonas sen cobertura móbil 4G/5G.

Polo que se solicita a colaboración veciñal para detectar as zonas do municipio que carecen de cobertura 4G e 5G.

Toda a veciñanza ou aquelas persoas con actividade empresarial no municipio poden contribuír poñendo en coñecemento do Concello as zonas nas que non dispoñen desta cobertura no exterior.

O prazo para a recollida destas incidencias remata o 12 de abril, poderá facelo enviando un correo á dirección correo@monfero.es ou chamando ao 981 79 38 85.

O obxectivo é garantir que todos os habitantes de Monfero dispoñan dun acceso digno e de calidade ás telecomunicacións.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo